Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O trasno no muíño de Quende

»Era no muíño de Quende, donde iban moer un ferrado de trigo, ou centeo, a Josefa de Amorós e maila irmá, que lle chamaban Antoña. E decían que andaba o trasno. E foron polo muíño e metéronse dentro do muíño, e puñéronse a moer, a esperar pa leva-lo ferrado de trigo. E entón chegou un carneiro pequeniño, un añiño, e collérono:

¡Ai, Dios mío! ¡Ai, Dios mío, mira o meu añiño!

E collérono no mantelo no colo, mexou por elas e despois dixeron:

Ai, Dios mío, ¿e donde se iría? Ai, que deixou a ovella, ¿donde vai?

E, entonces, claro, a dicir Jesús, o año marchou e dixo:

¡Jujurujú, como as nenas do muíño me quentaban o cu!».

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Transcrición da versión oral RODOLFO CABALLERO (56 anos), A Xesta, Quende. 21 de xaneiro de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004